

DECRETO

ILMO. SR. DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, PRIMEIRO TENENTE DE ALCALDESA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA AS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS DA DESESTIMACIÓN POR PARTE DO TSX DE GALICIA (STZA.00159/2022), DO RECURSO DE APELACIÓN INTERPOSTO POLO CONCELLO DE LUGO CONTRA A SENTENZA NÚM. 193/2021 DO 30.07.2021, DITADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 2 DE LUGO, (PROCEDEMENTO ORDINARIO 138/2017), CONFIRMANDO INTEGRAMENTE A SENTENCIA RECURRIDA EN APELACIÓN E OBRIGANDO O CONCELLO DE LUGO A INDEMNIZAR AOS INTERESADOS, POR INCUMPRIMENTO CONTRACTUAL DO CONVENIO URBANÍSTICO E A PAGAR OS XUROS CORRESPONDENTES, (Abono dos xuros xerados en execución de sentenza do recurso 138/17).

Vista sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia 00159/2022 do 08.04.2022, polo que se desestima o recurso de apelación interposto polo Concello de Lugo contra a sentenza nº 193/2021, do 30.07.2021, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo no procedemento ordinario 138/2017, confirmando integramente a sentenza recurrida en apelación.

Vista sentenza num. 193/2021 do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm.2 de Lugo, do 30.07.2021, de estimación do recurso contencioso administrativo interposto pola representación procesal de VIRTUDES PRADO FERNÁNDEZ, MANUEL RICARDO PRADO VEIGA e EVA MARÍA PRADO VEIGA, obrigando o Concello de Lugo a indemnizalos no importe de 433.922,37 € por incumprimento contractual do convenio urbanístico. (Modificación Orzamentaria: TC 14-2022 Sentenza Urbanismo).

Vista solicitude da procuradora da parte demandante o día 12.07.2022, no procedemento solicitando liquidación de intereses por importe de 91.587,33 euros, consta dilixencia de ordenación de liquidación de intereses da letrada Maria Begoña Villanueva do Xdo. Contencioso administrativo .nº 2.

Visto cálculo de xuros efectuado pola Asesoría Xurídica o 19.04.2022, asinado polo seu xefe, don Manuel Louzao Aldariz, cun importe de 80.495,55 €. ((Modificación Orzamentaria: TC 14-2022 Sentenza Urbanismo).

Tendo en conta a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento Xeral 2022 para dar cobertura ao mencionado gasto (11.091,78 euros), así como a dispoñibilidade orzamentaria das aplicacións orzamentarias que ceden crédito, sinaladas a continuación, segundo se acredita nos estados de execución orzamentaria.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal núm: 1181/2022 de día 20.07.2022, así como RCMOD núm: 2022/50144 do día 20.07.2022, por importe total de 11.091,78 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as

INTERVENCIÓN

MVF/slb

Refª: ispac1312337163676495340.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 16-2022 Xuros Stza TSX 159-2022

Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

Primeiro. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 11.091,78 € euros para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓN ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓN ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>
17100.22799	11.091,78 €	15100.31000	11.091,78 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	11.091,78 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	11.091,78 €

Segundo. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.